




BIBLIOTECA

DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2012



**VALENTÍN PAZ-ANDRADE
(1898-1987)**

**Paz-
Andrade de
nenó e
casa natal**



Valentín Paz-Andrade naceu en Pontevedra, no barrio de Lérez, o 23 de abril de 1898.

Na súa cidade natal iníciase na literatura e na cultura galegas da man do seu tío, o poeta Xoán Bautista Andrade: el será quen lle presente a Castelao, con quen sentirá unha fonda afinidade ideolóxica e persoal.

Mentres cursa estudos de Dereito en Santiago, fundará o *Grupo Galeguista Galego de Estudiantes*

Logo de cumprir o servizo militar na Guerra de Marrocos, fixa a súa residencia en Vigo, onde dirixirá o diario *Galicia*, desde 1922 a 1926.

A partir dese ano establecerá un bufete de avogados en Vigo, no que se dedicará a temas xurídicos relacionados coa actividade pesqueira.

En 1930, fundará en Vigo o *Grupo Autonomista Gallego* e participará, un ano despois, na fundación do *Partido Galeguista*





**Nos inicios dos anos 30
colaborará na redacción dun
anteproxecto de Estatuto de
Autonomía para Galicia.**

**En 1932, mentres estaba a
negociar, por parte da patronal,
nun conflito laboral cos
mariñeiros da zona de Vigo, sufriu
un atentado que por pouco lle
custa a vida. Desde ese momento,
a súa proxección pública virá algo
a menos. Con todo, co estourido
da Guerra Civil, exerce como
avogado defensor de varios
intelectuais galeguistas. Iso
custaralle varios desterros, ata
que se lle permitiu voltar a Vigo,
en 1940**




En 1942 foi un dos impulsores do grupo industrial *Pescanova*.

Ademais do seu labor profesional, desenvolveu unha importante faceta intelectual: parladoiros literarios, colaboracións periodísticas, críticas literarias... Algúns destes traballos custaralle sancións, e ata un breve encarceramento

A vea poética que lle xurdira no desterro deu a luz o poemario *Pranto Matricial*, publicado en Bos Aires en 1955. Alí mesmo editárase o ensaio *Galicia como tarefa* (1959)





En 1964 ingresa na *Real Academia Galega*. En cuestións de normativa ortográfica, era partidario do reintegracionismo.

Coa chegada da democracia, volta á política, e é elixido Senador pola provincia de Pontevedra nas Cortes Constituíntes (1977-78) pola *Candidatura Democrática Galega*, unha plataforma que agrupaba a varias forzas galeguistas e de esquerdas.

Continúa a publicar: poesía (*Cen chaves de sombra*, 1979), unha biografía de Castelao (1982), e o ensaio *Galicia lavra a sua imagen* (1985).

Morreu en Vigo o 19 de maio de 1987

FOI A TERRA LEVADA,
barro materno ao barro teu xuntado,
cos líricos loureiros,
no camposanto de Padrón unxidos
pol-o amor e a door de Rosalía...
sagra primeira estrofa d-este pranto.

Para compoñer as outras,
tanguidos a unha mao de Sul a Norde,
os sinos todos das eirexas todas,
que por todos redobran,



e tamén se ouvirán pol-os escuros,
non recolleran no coral de bronce
a dimensión da nosa desventura.

Por ti, Daniel, a máis dos campanarios,
siñaleiros da morte empadroada,
han de dobrar, da vida, acentos novos;
han de dobrar as cordas dos espritos;
das cousas, seus metaes;
das causas,
nas que os homes deixamos en anacos
os anacos da i-alma

